

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*ORDE do 31 de decembro de 2016 pola que se fai pública a resolución das axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo, convocadas pola Orde do 28 de abril de 2016.*

Pola Orde do 28 de abril de 2016, DOG do 20 de maio, régúlase o procedemento para a concesión das axudas económicas para o alumnado que realiza a formación práctica en centros de traballo durante o ano 2016.

O artigo 10 establece que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará o anuncio de exposición das listaxes definitivas das persoas beneficiarias, coa indicación da contía que lle corresponde a cada alumno, no *Diario Oficial de Galicia*.

En virtude do exposto anteriormente,

**RESOLVO:**

Primeiro. Anunciar a exposición ao público das listaxes definitivas dos beneficiarios das axudas concedidas correspondentes ao ano 2016, prazo outubro, e nas contías que se indican, que estarán expostas no taboleiro de anuncios da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, na Consellería de Presidencia, oficina de atención ao cidadán, e nas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, consonte coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2016

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

